

BASES I CONCURSO FOTOGRAFÍA MENTALIZ-ARTE

1) TEMÁTICA DO CONCURSO

Imaxe positiva da Saúde Mental.

2) PARTICIPANTES

- Poderán participar todas as persoas maiores de 18 anos..
- Os participantes responsabilízanse do cumprimento das disposicións legais vixentes en materia de propiedade intelectual e do dereito á propia imaxe, declarando responsablemente que a difusión ou reprodución da obra no marco da promoción e información do presente concurso non lesionará ou prexudicará dereito algún do concursante nin de terceiros.
- A participación no concurso implica a aceptación por parte do/a autor/a da inclusión nos arquivos de Xaruma das fotos enviadas, permitindo a realización de exposicións a través da páxina web ou en soporte papel; e que así mesmo, poderán ser empregadas posteriormente por Xaruma citando ó autor das mesmas e sempre que sexa sen fins lucrativos.
- A organización presupón que o/a fotógrafo/a ten a autorización e/ou permiso das persoas que aparecen nos traballos presentados, recaendo sobre o/a autor/a toda responsabilidade relacionada co dereito á intimidade.
- As fotografías serán orixinais e inéditas e non estarán á espera do fallo de ningún xurado nin terán sido premiadas con anterioridade noutro concurso ou certame fotográfico.
- Admitiranse un máximo de dúas fotografías por autor/a , que en calquera caso poderán ser en branco e negro, color ou sepia.
- A participación neste concurso supón a aceptación da totalidade das bases do mesmo. As bases do concurso poderán descargarse en www.xaruma.org.
- Todas as obras recibidas expóranse mediante proxección no local. A maiores, haberá 12 obras preseleccionadas para a fase de concurso que estarán en paneis de quen visite a exposición dos traballos no Centro Garate.

3) PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS FOTOGRAFÍAS

- Admisión das obras para avaliación do xurado:
15 de Agosto -11 de Outubro de 2013.
- Exposición
Centro Gárate (R/Sanjurjo Badía 79, Vigo)
21 de Outubro-31 de Decembro de 2013.

4) ENTREGA DAS OBRAS

- Os traballos fotográficos que cumpran cos requisitos e se axusten ós obxectivos de participación do concurso, serán seleccionados para ser expostos no *Centro Gárate do 21 de Outubro ata o 31 de Decembro de 2013*.
- **ENTREGA DIXITAL.**
 - ✓ *A resolución da imaxe deberá ser de ata 250 ppi, un tamaño de 3MB e en formato JPEG.*
 - ✓ *Só se permitirán facer axustes de iluminación e contraste nas obras entregadas. Calquera outra modificación poderá ser causa de descalificación da obra.*
 - ✓ *Os traballos serán recibidos na dirección de correo electrónico: xarumaorg@gmail.com. (asunto correo: Mentaliz-arte)*
 - ✓ *No email enviado deberán aparecer os seguintes datos indicados:*
 - *Seudónimo do/a autor/a.*
 - *Título da obra, e unha opcional breve descrición.*
 - *Datos do autor: nome e apelidos, DNI, idade, teléfono, poboación e correo electrónico.*

5) PREMIOS

- Gañará o traballo que mellor represente unha visión positiva da Saúde Mental.
 - 1º Premio:** *Pase para un circuíto termal para dous persoas (por valor de 60 Euros).*
 - 2º Premio:** *Pase para un circuíto termal para dúas persoas (por valor de 30 Euros).*
 - 3º Premio:** *Pase para un circuíto termal para dúas persoas (por valor de 30 Euros).*

6) XURADO

- Para participar na exposición e optar ó premio , as fotografías deberán pasar por un xurado (formado por profesionais e usuarios de Xaruma) .
- Todas as obras que non se axusten ó obxectivo do concurso “visión positiva da Saúde Mental” que así considere a organización non entrarán na exposición/concurso.

7) ENTREGA DE PREMIOS

- As persoas premiadas serán anunciadas na páxina web www.xaruma.org
- As persoas participantes premiadas realizarán a recollida dos premios o 25 de Outubro de 2013 no Centro Gárate.
- As persoas gañadoras serán notificadas por correo electrónico en caso de non asistencia.